

95

SELECCIÓN COMO PERSOAL LABORAL DUN TRABALLADOR SOCIAL CONVOCADO POLO CONCELLO DE FRIOL (AGRUPACIÓN FRIOL E GUNTÍN). -

NOME E APELIDOS. -  
(deberá asinar en todas as follas)

D.N.I. -

1.- No art. 31 da Constitución de 1978 dise que todos contribuirán ao sostemento dos gastos públicos, de acordo coa súa capacidade económica:

- a) Mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade, que poderá ter carácter confiscatorio.
- b) Soamente poderán establecerse prestacións persoais ou patrimoniais, de carácter público con arranxo ao disposto na lei ou regulamento de aplicación.
- c) As dúas respostas son correctas.
- d) As dúas respostas son falsas

2.- No art. 24 da Constitución garántese:



- a) O dereito de igualdade dos españois ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación.
- b) O principio de legalidade, xerarquía normativa e irretroactividade das disposicións sancionadoras restritivas de dereitos individuais.
- c) Que as normas relativas aos dereitos fundamentais e liberdades que a Constitución recoñece, interpretaranse de conformidade coa Declaración Universal de Dereitos Humanos e outros tratados internacionais sobre as mesmas, ratificados por España.
- d) O dereito á tutela xudicial efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos.

3.- A Constitución Española recoñece o dereito a disfrutar dunha vivenda digna e adecuada e os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas para facer efectivo este dereito, no art:

- a) Art 32.
- b) Art.43
- c) **Art.47.**
- d) Art. 53.

4.- Na Constitución Española de 1978, no seu art. 50 establece:

- a) Os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia, e a protección integral dos fillos, con independencia da filiación e das nais, calquera que sexa o seu estado civil.
- b) Os poderes públicos garantirán mediante pensións adecuadas e periodicamente actualizadas a suficiencia económica dos cidadáns durante a terceira idade.
- c) Os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e síquicos aos que prestarán a atención especializada que requiran.
- d) Ningunha delas é correcta.

ky  
7

5.- No Título II da Constitución, no referente á Coroa. Segundo o disposto no art. 62, corresponde ao Rei:

- a) Convocar e disolver as Cortes Xerais e convocar eleccións nos termos previstos na Constitución
- b) Nomear e separar aos membros do Goberno, a proposta do seu Presidente.
- c) O Alto Patronazgo das Reais Academias.
- d) Todas son correctas.

6.- Segundo o disposto no famoso art. 155 da Constitución, se unha Comunidade Autónoma non cumprira as obrigas que a Constitución e outras leis lle impoñen, ou actuara de xeito que atente gravemente contra o interese xeral de España, poderase adoptar as medidas necesarias para obrigar a aquela ao cumprimento forzoso de ditas obrigas:

- a) Por acordo do Consello de Ministros, en sesión presidida polo Rei, a petición do Presidente do Goberno.
- b) Coa aprobación da maioría absoluta do Congreso e do Senado.
- c) Coa aprobación da maioría absoluta do Senado.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

7.- No art. 22 da Lei 7/85 de 2 de abril, de Bases de réxime local, sinálanse as atribucións do Pleno do Concello. Indique cal das que se relacionan a continuación non corresponde ao Pleno:

- a) A aprobación das formas de xestión dos servizos.
- b) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal de plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.
- c) **Aprobar a oferta de emprego público, de acordo co orzamento.**
- d) Alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.



8.- No art. 21 da Lei 7/85 de 2 de abril, de Bases de réxime local, sinálanse as atribucións do Alcalde. Indique cal das que se relacionan a continuación non lle corresponde ao Alcalde:

- a) Convocar as sesións do Pleno, salvo os supostos previsto na lei e na lexislación electoral xeral
- b) Exercer a Xefatura Policía Municipal.
- c) Aprobar as bases para as probas de selección de persoal.
- d) Todas lle corresponden ao Alcalde.

9.- Das seguintes atribucións do Pleno, sinala cal de elas, de conformidade co establecido na lei de bases de réxime local, podería ser delegable no Alcalde ou na Xunta de Goberno Local:

- a) Control e fiscalización dos órganos de goberno.
- b) Aprobación regulamento orgánico e das ordenanzas.
- c) **Concertación das operacións de créditos en coantía acumulada dentro do exercicio económico exceda do 10% dos recursos ordinarios do orzamento**
- d) Aceptación da delegación de competencias de outras administracións públicas.

10.- Nos Estados de gastos dos orzamentos xerais das Entidades Locais, aplicaranse as clasificacións por programas e económica, de acordo cos criterios que se relacionan no art. 167 do Real Decreto legislativo, polo que se aproba o Texto Refundido das Facendas Locais. Indique cal de estas afirmacións non é correcta:

hez

- a) A aplicación presupostaria cuxa expresión cifrada constitúe o crédito presupostario, virá definida, ao menos, pola conxunción das clasificacións por programas e económica, a nivel de grupo de programa ou programa e concepto ou subconcepto respectivamente.
- b) A clasificación por programas constará dos seguintes niveis: o primeiro relativo á área de gasto, o segundo á política de gasto, o terceiro aos grupos de programas, que se subdividirán en programas.
- c) A clasificación económica constará de tres niveis: o primeiro relativo ao capítulo, o segundo ao artigo e o terceiro ao concepto.
- d) **Nos créditos de gastos correntes inclúense os de funcionamento dos servizos, os de intereses, variacións de activos e pasivos financeiros e transferencias correntes.**

11.- No referente á aprobación do orzamento do Concello, indique a resposta correcta:

- a) Unha vez aprobado, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de 20 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións.
- b) A aprobación inicial do orzamento xeral realizarase antes do 15 de outubro do ano anterior ao que deba aplicarse.
- c) Se ao iniciarse o exercicio económico non entrara en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do anterior, cos seus créditos definitivos.
- d) **Ningunha das respostas anteriores é correcta**

12.- En relación do presuposto da Entidade Local, segundo recolle o Texto Refundido das Facendas Locais:



- a) Ao presuposto unirase un anexo de beneficios fiscais en tributos locais, contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos da entidade local
- b) Ao presuposto xeral unirase como anexo os plans de programas de inversión e financiación que, para un prazo de catro anos, poderán formular os concellos e demais entidade de ámbito supramunicipal
- c) Ao presuposto unirase un informe económico financeiro, no que se expoñen as bases para avaliación de ingresos, suficiencia de créditos para atender ás obrigas e gastos de funcionamento dos servizos, e en consecuencia a efectiva nivelación do presuposto
- d) **As tres respostas son correctas.**

13.- Segundo o disposto no art. 107 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación coa declaración de lesividade de actos anulables:

- a) A declaración de lesividade non poderá adoptarse unha vez transcorridos dous anos desde que se ditou o acto administrativo.
- b) Transcorrido o prazo de un ano desde a iniciación do procedemento, sen que se declarara a lesividade, producirase a caducidade do mesmo.
- c) Se o acto provén das entidades que integran a administración local, a declaración de lesividade adoptarse pola Xunta de Goberno.
- d) **Ningunha delas é correcta.**

leg

14.- Segundo o disposto no Título V-Revisión de actos en vía administrativa da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas,

- a) Iniciado o procedemento de revisión de oficio ao que se refiren os art. 106 e 107, o órgano competente non poderá suspender a execución do acto.
- b) As administracións públicas poderán rectificar no prazo de catro anos, de oficio ou a instancia dos interesados os error materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.
- c) O órgano que resolva o recurso decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, plantee o procedemento, foran alegadas ou non polos interesados. Non obstante a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recurrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial.
- d) Todas as respostas son correctas.

15.- Segundo o disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

- a) Contra as resolucións dos actos de trámite, se determinan a imposibilidade de continuar co procedemento, poderá interpoñerse polos interesados os recurso de alzada e potestativo de reposición.
- b) Os recursos contra un acto administrativo que se funden unicamente na nulidade de algunha disposición administrativa de carácter xeral poderán interporse directamente ante o órgano que ditou dita resolución.
- c) a) e b) son correctas.
- d) a) e b) son falsas.

16.- Segundo o disposto no art. 67 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a acción para o exercicio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, prescribirá no prazo de :

- a) Tres meses.
- b) Seis meses.
- c) Un ano.
- d) Dous anos.

17.- Segundo o disposto literalmente nos art. 100 e seguintes da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no referente aos medios de execución forzosa:

- a) serán medios de execución forzosa o apremio sobre o patrimonio, a execución subsidiaria, a multa coercitiva e a compulsión sobre as persoas.
- b) cando así o autorizen as leis, na forma e na coantía determinada nos regulamentos que as desenvolvan, as administracións públicas poderán impor multas coercitivas, reiteradas por lapsos de tempo suficientes para cumprir o ordeado.
- c) O importe da execución subsidiaria non poderá liquidarse de forma provisional, practicando unha liquidación definitiva con posterioridade á execución.
- d) a) e b) son correctas.

18.- Que modifica a Lei 8/2016 de 8 de xullo da Lei 13/2008 do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia?:

- a) Os dereitos e deberes dos cidadáns.
- b) As formas de prestación de servizos sociais
- c) Programas e servizos sociais comunitarios básicos
- d) A xustificación dos fondos europeos destinados á financiación dos servizos



lyz

19. - De conformidade co disposto no art. 60 da Lei 13/2008 que regula os servizos sociais de Galicia, en relación coas competencias dos concellos, indique a resposta incorrecta:

- a) A detección e análise das necesidades e da problemática social existente no ámbito territorial.
- b) O fomento e promoción da solidariedade e participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.
- c) A autorización e acreditación de centros, servizos e programas sociais, de acordo coa regulamentación que teñan que cumprir.
- d) Exerceranse polos concellos, por si mesmos ou asociados, a través de fórmulas de colaboración interadministrativa.

20.-O Título IV da lei 13/2008 que regula os servizos sociais de Galicia, titúlase:

- a) Da prestación dos servizos sociais en Galicia.
- b) Do sistema galego de servizos sociais.
- c) Planificación do sistema galego de servizos sociais.
- d) Da financiación dos servizos sociais

21.- Segundo o disposto nos art. 79 e seguintes da lei 13/2008 que regula os servizos sociais de Galicia, en relacións coas infraccións graves, sinala a resposta incorrecta:

- a) É infracción grave o incumprimento das obrigas relativas á seguridade das instalacións do centro.
- b) É infracción grave a non comunicación previa de calquera das obras, reformas e melloras realizadas nos centros.
- c) É infracción grave incumplir ou falsear as obrigas formais e a alteración autorizada do réxime de prezos dos servizos prestados.
- d) É infracción grave a realización de actividades lucrativas, ou encubrir ánimo de lucro, en centros definidos como sen ánimo de lucro ou que se presentan como tales na administración e na sociedade.

22.- O art. 96 da Lei de servizos sociais de Galicia, refírese ás sancións aplicables a persoas usuarias dos servizos sociais. De conformidade co artigo, sinala cal de estas respostas non é correcta:

- a) As infraccións leves poderán sancionarse con apercibimento público.
- b) As infraccións moi graves poderán sancionarse co traslado temporal ou definitivo a outro centro ou servizo.
- c) As infraccións moi graves poderán sancionarse coa revogación da adxudicación da praza pública, temporal ou definitivamente.
- d) As infraccións moi graves poderán sancionarse coa suspensión temporal do servizo por un período non superior a doce meses.

23.- De conformidade coa Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, os servizos sociais son:

- a) O conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados aos residentes en Galicia e prestados polos municipios e deputacións provinciais para garantir a satisfacción de tódalas súas necesidades.
- b) O conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación



ly

social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos expresados nos artigos da lei

- c) Os plans, programas e proxectos destinados á poboación de Galicia que garanten a satisfacción de tódalas necesidades con recursos postos á súa disposición pola Xunta de Galicia
- d) Todas son falsas

24.- Segundo o establecido no decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios, o servizo de educación e apoio familiar perseguirá os seguintes obxectivos:

- a) Favorecerá a integración, promoción e participación das familias en tódolos ámbitos da vida comunitaria
- b) Promoverá espazos de encontros de nais e pais enfocados á formación compartida
- c) Atención psicolóxica, alternativas, recursos e atención socio educativa
- d) Todas son correctas

25.- Segundo o contemplado na normativa vixente, as persoas que teñen recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne axuda no fogar na correspondente resolución de PIA, o acceso ao servizo de axuda no fogar, producirase de acordo co seguinte procedemento:

- a) Os concellos procederán a dar a alta de forma inmediata
- b) Os concellos procederán a dar a alta coa orde de prelación establecida no PAR e sempre que a entidade local teña dispoñibilidade horaria para a súa atención
- c) Os concellos procederán a dar as altas de acordo coa orde de prelación establecida no PAR
- d) Os concellos procederán a dar as altas de acordo co baremo socio económica establecido no regulamento de réxime interno de cada concello



26.- Segundo o decreto 15/2010 de 4 de febreiro e a orde de 2 de xaneiro de 2012, tramitarase o procedemento de valoración de dependencia e o dereito ás prestacións, por prelación dos expedientes en situación de emerxencia social, nas seguintes situacións:

- a) Unha situación de desamparo e abandono
- b) Malos tratos físicos ou psíquicos
- c) Situación de risco grave inminente para a súa integridade física ou psíquica
- d) Todas son verdadeiras

27.- Segundo a normativa vixente en materia de servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, para que os concellos poidan recibir transferencias finalistas correntes da Xunta de Galicia destinadas ao cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais, será requisito indispensable que realicen, en función do seu número de habitantes, unha aportación económica mínima sobre o total do orzamento do proxecto de servizos sociais, conforme ao seguinte:

- a) Concellos de menos de 20.000 habitantes: O 15 % do total do orzamento anual dos servizos sociais comunitarios municipais
- b) Concellos de 20.000 habitantes a 59.999 habitantes: O 25 % do total do orzamento anual dos servizos sociais comunitarios municipais
- c) Concellos de 60.000 ou máis habitantes: O 35 % do total do orzamento anual dos servizos sociais comunitarios municipais
- d) Ningunha é correcta

28.- Segundo a normativa vixente en materia de inclusión social de Galicia, o límite do importe das axudas de inclusión social (AISS) destinadas ás necesidades primarias será o seguinte:



- a) Ata 1 vez o IPREM
- b) **Ata 2 veces o IPREM**
- c) Ata 2,5 veces o IPREM
- d) Ningunha é correcta

29.- As persoas que teñan recoñecido un grao dous de dependencia e soliciten o servizo de axuda no fogar (non intensivo) e o servizo de atención diurna (non intensivo), poderán disfrutar de:

- a) Ata 35 horas ao mes de SAF e 160 horas ao mes de servizo de atención diurna
- b) Ata 35 horas ao mes de SAF e 80 horas ao mes de servizo de atención diurna
- c) Ata 23 horas ao mes de SAF e 160 horas ao mes de servizo de atención diurna
- d) **Ata 100 horas ao mes de centro de día e 30 horas ao mes de servizo de axuda no fogar.**

30.- A renda de integración social de Galicia (RISGA) será incompatible con:

- a) Coas pensións non contributivas ou con calquera outra prestación ou pensión de contía únicamente superior ao das devanditas pensións
- b) **Para aquelas persoas que teñan a idade mínima establecida para poder solicitar unha pensión non contributiva de xubilación**
- c) A e B son correctas
- d) A e B son falsas

31.- O dereito á percepción do tramo persoal e familiar da Renda de Inclusión Social de Galicia será:

- a) Semestral e prorrogable se subsisten as circunstancias que xustificaron a súa concesión
- b) **Anual e prorrogable se subsisten as circunstancias que xustificaron a súa concesión**
- c) Por un máximo de 18 meses improrrogables
- d) Bianaual con informes anuais dos servizos sociais comunitarios e se subsiten as circunstancias que xustificaron a súa concesión

32.- "O deseño de intervención social que comprende unha avaliación-diagnóstico da situación e persoas con quen actuar, unha determinación de obxectivos operativos, actividades e tarefas, utilización de recursos, temporalización e criterios de avaliación", denomínase:

- a) **Proxecto de intervención social**
- b) Estrutura do proceso metodolóxico básico
- c) Técnicas e instrumentos do traballo social
- d) Todas son falsas

33.- Que é a planificación en servizos sociais?:

- a) **Unha técnica de acción que tende a obter un resultado determinado mediante unha intervención deliberada.**
- b) Determinar os núcleos de intervención
- c) A valoración profesional da situación problema
- d) A utilización de técnicas propias de planificación



leg

34.- Que obxectivos persegue a avaliación?:

- a) Medir o grao de idoneidade, efectividade, eficiencia; facilitar o proceso de toma de decisións e servir como fonte de teoría
- b) Validez, obxectividade, fiabilidade, practicidade e oportunidade
- c) Referidos á área de coherencia interna
- d) Consecución dos obxectivos, a introducción de modificacións e a comparación de resultados

35.- A Lei que regula a renda de inclusión social de Galicia (RISGA) no seu artigo 11, unidade de convivencia. Criterios e regras de aplicación, establece:

- a) Considérase unidade de convivencia o conxunto de persoas que conviven no mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o terceiro e segundo grao respectivamente.
- b) Dentro da unidade de convivencia determinarase a persoa que deba ter a consideración de titularidade da RISGA aquela que presente maiores posibilidades de inserción laboral
- c) No caso de privación de liberdade da persoa titular, poderá seguir percibindo a RISGA outra persoa da unidade de convivencia sempre que cumpra cos requisitos para a súa percepción e se deseñe un novo proxecto de integración social adaptado ás novas circunstancias familiares
- d) A e C son correctas

36.- Cal das seguintes afirmacións non é correcta, segundo o código deontolóxico do Traballo Social:

- a) Cando un profesional do traballo social coñeza o incumprimento das normas do código deontolóxico por parte dun colega de profesión, debe comunicalo ás institucións para as cales traballan.
- b) Cando un profesional do traballo social coñeza o incumprimento das normas do código deontolóxico por parte dun colega de profesión, debe comunicalo por escrito á organización colexial correspondente
- c) O profesional do traballo social debe avaliar con criterios obxectivos e rigorosos e de maneira leal e respectuosa tanto o seu traballo como o que lle corresponde facer en equipo
- d) A relación entre os profesionais do traballo social deben rexirse polos principios de profesionalidade, coordinación, colaboración e respecto recíproco, evitando a competencia desleal



37.- Un dos requisitos xerais de acceso á Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) é:

- a) Estar empadroadado/a en calquera dos concellos da comunidade autónoma galega alomenos seis meses inmediatamente anteriores á presentación da solicitude
- b) Estar empadroadado/a en calquera dos concellos da comunidade autónoma galega alomenos doce meses inmediatamente anteriores á presentación da solicitude
- c) Estar empadroadado/a en calquera dos concellos da comunidade autónoma galega
- d) O requisito de estar empadroadado/a nun concello galego non é un requisito xeral de acceso

38.- O informe social segundo a súa tipoloxía poder ser:

- a) Individual/Familiar
- b) Grupal



15

- c) Comunitario
- d) Todas son verdadeiras

39.- Na Lei 10/2013 de 27 de novembro de inclusión social de Galicia, régúlanse axudas vinculadas a:

- a) Uso da vivenda
- b) Destinadas ó equipamento mobiliario básico da vivenda
- c) A e B son correctas
- d) A e B son incorrectas

40.- Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida, potenciar a autonomía persoal, previr situacións de dependencia, reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado
- b) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social, institucionalización das persoas dependentes, mellorar a calidade de vida e potenciar o voluntariado
- c) A regulación xeral do servizo desenvolto por entidades públicas
- d) B e C son correctas

PREGUNTAS DE RESERVA.- DEBERÁ CONTESTAR TAMÉN PARA PUNTUAR NO CASO DE ANULACIÓN DE ALGUNHA DAS ANTERIORES PREGUNTAS.-

1.- No Real Decreto legislativo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas locais, detalla a documentación que deberá unirse ao orzamento da Entidade Local, para a súa elaboración e aprobación inicial, no seu art. 168. Indique segundo dispón o citado artigo, indique a resposta correcta:



- a) Liquidación do presuposto do exercicio anterior e avance da corrente, referida ao menos a tres meses do exercicio corrente.
- b) Anexo con información relativa a convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto de inversión, con especificación da coantía das obrigas de pago e dereitos económicos que deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento xeral.
- c) A referencia aos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiación a que se refire o art. 49 bis da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

2.- Segundo o disposto no art. 99 na lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común, as administracións públicas poderán proceder, previo apercebimento á execución dos actos administrativos, salvo nos supostos en que se suspenda a execución de acordo coa lei, ou cando a Constitución ou a lei esixan a intervención dun órgano xudicial. Este precepto recolle o principio de:

- a) Autotutela declarativa da administración pública.
- b) Executividade dos actos administrativos.
- c) Execución forzosa dos actos administrativos.
- d) Discrecionalidade administrativa.

3.- A intensidade do servizo de axuda no fogar ven determinado con carácter xeral por:

es  
7

- a) Días ao mes realizando unha media
- b) Días á semana realizando unha media
- c) Horas mensuais de atención
- d) Todas son correctas

4.- Dentro dos tipos de entrevista, segundo o contido, poden ser:

- a) De exploración
- b) Mixtas
- c) Pechadas
- d) B e C son verdadeiras



5.- Segundo o disposto no art. 14 Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, as persoas físicas:

- a) Poderán elixir en todo momento se se comunican coas administracións públicas para o exercicio de dereitos e obrigas, a través de medios electrónicos ou non, salvo que estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas.
- b) Están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas.
- c) Soamente os Notarios e Rexistradores da Propiedades están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración pública.
- d) Soamente os empregados das administracións públicas están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas.